

PROXECTO REDMAY (REDE DE APOIO AS PERSOAS MAIORES QUE RESIDAN NO RURAL GALEGO)

Dentro do Programa Operativo INTERREG V A España Portugal (POCTEP), a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia prestará os seguintes servizos de xeito gratuíto mediante profesionais habilitados legalmente a través dunha unidade móbil que se desprazará por distintos Concellos do rural galego:

- ❑ **Servizos ópticos:** prestaranse, entre outros, os servizos de revisión e gradación da vista por unha persoa graduada en óptica e optometría.
- ❑ **Servizos de podoloxía:** prevención, diagnóstico e tratamento das principais patoloxías dos pés (eliminación de durezas, control de uñas) por unha persoa graduada en podoloxía.
- ❑ **Servizos de prevención do alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas,** prestados por profesionais especializados.
 - Realización de probas de valoración cognitiva.
 - Exercicios e fichas de estimulación cognitiva.
 - Actividades de estimulación funcional.

Persoas destinatarias:

Persoas maiores de 55 anos que residan no medio rural e precisen algún dos servizos sociais e asistenciais prestados.

A unidade móbil dispón de acceso para persoas con mobilidade reducida (conta con plataforma elevadora).

Calendario:

O servizo realizarase 5 días á semana (de luns a venres). O horario do servizo será de 6 horas diarias, repartidas en horario de mañá e tarde.

Confidencialidade, protección de datos persoais e seguridade da información

A información que por razón da prestación do servizo se obteña non poderá ser empregada para outros fins, por ningún concepto, pola entidade adjudicataria nin polas persoas que estean o seu servizo.

A empresa adjudicataria e o persoal ao seu servizo estean obrigados ao cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais así como do Regulamento (UE) 2016/679 xeral de Protección de datos.

